



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

## **LIGA DE CLUBES DAS CATEGORÍAS INFERIORES 2008**

Á proposta do Comité Rexional de Patinaxe de Velocidade, convócanse as xornadas da Liga de Clubes das categorías inferiores masculino y feminino da tempada 2008. Incluiránse dentro das categorías inferiores ás seguintes:

- ALEVÍN** (nacidos 1997 – 1998)
- BENXAMÍN** (nacidos 1999 - 2000)
- MINI** (nacidos 2001 e posteriores)

**AS IDADES DOS PARTICIPANTES DEBERÁN SER ACREDITADAS OBRIGATORIAMENTE, POR MEDIO DA PRESENTACIÓN DO D.N.I. OU DO PASAPORTE INDIVIDUAL, ENTREGÁNDOSE ESTE NA MESA DA SECRETARÍA COA LICENCIA FEDERATIVA.**

**EN NINGÚN CASO SERÁ ACEPTADO O LIBRO DE FAMILIA NIN O RESGARDO ORDINARIO DO D.N.I., NIN FOTOCOPIAS DO PASAPORTE OU D.N.I.**

**O INCUMPRIMENTO DESTE REQUISITO DETERMINARÁ A NON PARTICIPACIÓN DOS CORREDORES QUE O INCUMPLAN.**

### **1º.- LUGAR E DATA DA CELEBRACIÓN**

Estas xornadas levaránse a cabo baixo o seguinte calendario:

- ✓ Xornada de Liga de Clubes nas categorías inferiores (Clube organizador: Sada Patín): Terá lugar o domingo, **29 de novembro de 2008** (xornada de tarde), no Pabillón Municipal de Sada.
- ✓ Xornada de Liga de Clubes nas categorías inferiores (Clube organizador: SCD Rabadeira): Terá lugar o sábado, **20 de decembro de 2008** (xornada de tarde), no Pabillón Municipal de Sada.

### **2º.- PARTICIPACIÓN**

Para poder participar nestas Xornadas, serán requisitos indispensables:

- ✓ A posesión da licenza federativa do ano en curso.
- ✓ Estar comprendido entre as idades especificadas para a categoría.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

AS LICENCIAS FEDERATIVAS DEBERÁN ENTREGARSE NA MESA DA SECRETARÍA 15 MINUTOS ANTES DO COMEZO DAS PROBAS, O INCUMPLIMENTO DESTE REQUISITO DETERMINARÁ A NON PARTICIPACIÓN DOS CORREDORES QUE O INCUMPLAN.

### 3º.- INSCRIPCIÓN

As inscricións deberán estar no poder da Federación Galega de Patinaxe antes das 20:00 h. do día (Luns) **17 de novembro** do corrente ano (no modelo federativo correspondente), **NON SENDO ADMITIDA INSCRIPCIÓN ALGUNHA QUE CHEGUE CON POSTERIORIDADE.**

### 4º.- DISTANCIAS:

<i>CATEGORÍA</i>	<i>XORNADA</i>	<i>MASCULINO</i>	<i>FEMININO</i>
<b>INFERIORES</b>	29 de novembro	150m Sprint 500m Sprint 1000m Líña (só alevín e benx)	150m Sprint 500m Sprint 1000m Líña (só alevín e benx)
<b>INFERIORES</b>	20 de decembro	200m Sprint 400m Sprint 1500m Líña (só alevín e benx)	200m Sprint 400m Sprint 1500m Líña (só alevín e benx)

### O PROGRAMA SERÁ ENVIADO UNHA VEZ ELABORADO

Tódalas carreiras poden disputarse con patín en línea.

O Comité Galego de Patinaxe de Velocidade resérvase o dereito de variar o programa.

### 5º.- INCOMPARENCIAS

Todo/a corredor/a que, despois de efectuar a inscrición para ditas Xornadas desexe retirarse, debe informar á Federación Galega de Patinaxe, polo menos con CORENTA E OITO HORAS de anticipación con respecto ó inicio da competición. Dita retirada será aceptada só en casos excepcionais, que estimará o COMITÉ DE COMPETICIÓN previa aportación de probas documentais, procedendo no caso contrario a abrir o correspondente expediente sancionador.

### 6º.- ENTREGA DOS TROFEOS

Na entrega dos Trofeos, será obligatoria a comparecencia dos corredores/as que teñen dereito a elo, debidamente uniformados co seu equipo de competición regulamentario. O corredor/a que se presentara en condicións distintas ás establecidas no párrafo, non poderá acceder ó Podium para retirar os seus trofeos.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

### 7º.- CLASIFICACIÓN

A clasificación para cada unha das carreiras disputadas establecerá unha puntuación por cada patinador. A suma das puntuacións de cada patinador (partindo do número de patinadores que presenta o clube con menos corredores en cada categoría, sendo o mínimo de 3 patinadores) de cada clube establecerá a clasificación xeral.

### 8º.- DISPOSICIONS FINAIS

Tódolos corredores/as deberán presentarse na liña de saída co equipo completo, presentables e o material de patinaxe en perfecto estado, sendo obrigatorio o uso do casco protector modelo integral, mentres estén no interior do Circuito. Non se admiten cascos con protuberancias aerodinámicas.

A Federación Galega de Patinaxe declina toda responsabilidade en caso de accidente, tanto en desplazamento como en competición.

As reclamacións deberán ser entregadas na mesa da Secretaría 15 minutos despois do término da carreira.

Non se interrompirá ó Xuíz Árbitro na competición, tódalas reclamacións ou preguntas faránse por escrito e se presentarán na mesa da Secretaría.

Ningún patinador, entrenador, delegado ou membro dun Clube cruzará ou permanecerá no recinto do circuito/pista que delimite o Xuez Árbitro sen autorización dalgún dos xueces, o incumprimento deste artigo levará a súa posterior sanción.

Nas probas só pode haber un delegado por Clube (que debe poseer a licencia federativa en vigor).

Todo o non previsto nas normas deste Comunicado, ou nas normas de funcionamento da Liga de Clubes rexirase conforme ó disposto nas Normas de Patinaxe de Velocidade da Federación Galega de Patinaxe, no Regulamento de Competicións da Federación Española e nos Estatutos da Federación Galega de Patinaxe.

En caso de accidente, os patinadores deberán ser trasladados ós centros cubertos polo seguro de accidentes na Coruña, que se detallan a continuación:

- ✓ INSTITUTO POLICLÍNICO SANTA TERESA: Peñarredonda, 4. Tif: 981 21 98 10
- ✓ INSTITUTO MÉDICO-QUIRÚRGICO SAN RAFAEL: Las Jubías, 82. Tif: 981 17 90 00
- ✓ SANATORIO QUIRÚRGICO MODELO: Virrey Osorio, 30. Tif: 981 14 73 00

A Coruña, 3 de novembro de 2008